

Saxicola rubicola (Linnaeus, 1766)

 chasco común
 tarabilla europea
 pitxartxar burubeltza
 bitxac comú
 common stonechat
 cartaxo-comum



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Turdidae	<i>Saxicola</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	15 g
Lonxitude	13 cm
Envergadura	18-21 cm

ALIMENTACIÓN

Pequenos e medianos invertebrados (sobre todo insectos), tamén sementes e froitos.

COMPORTEAMENTO

Adoita posarse en cables, postes ou na punta das ramas en actitude vertical e movendo esporadicamente cola e ás.

A femia constrúe o niño no chan ou moi preto, con musgo, herba e pelo.

REPRODUCCIÓN

Celo de febreiro-xullo. Ata 3 postas anuais(ás veces 4, pero só as femias experimentadas poden chegar a este número), 2-7 ovos cada unha (azulados e finamente moteados) que a femia incuba durante 13-14 días. Os polos voan aos 14 días, pero pasan unha semana máis ao cargo dos pais.

HÁBITAT

Zonas abertas: matogueira, claros de bosque, pastos, mosaicos de cultivos, etc.

DISTRIBUCIÓN

Distribución extensa aínda que desigual entre Europa, Asia e África.

CURIOSIDADES

En primavera comeza o cortexo do macho, que arrevoa arriba e abaixo no aire mentres canta, lanzándose en persecución da femia en canto a ve.